

## **MOCIÓN DE AER SOBRE AQUALIA.**

PLENO 21 XANEIRO 2016. ACTA 01/2017

“Transcorrido un tempo prudencial dende o acordo do pleno no que se determinou denunciar o contrato con Aqualia para o servizo de abastecemento de auga e saneamento.

Considerando a complexidade que require a análise dos datos referidos ao cumprimento de dito contrato.

Entendendo que existen causas suficientes para dubidar dos custes abonados a dita empresa en base a uns compromisos de financiamento de obras que deben ser acreditadas.

A Agrupación de Electores de Redondela propón ao Pleno do Concello de Redondela os seguintes **acordos**:

**1.- Constitución dunha comisión de estudo, formada polos representantes dos grupos políticos así como dos técnicos que se precisen, que determine cando menos:**

**a) Verificación das inversións comprometidas no contrato.**

**b) Verificación dos datos de custes e ingresos recibidos nos informes enviados, referidos a gastos e consumos.**

**c) Actualización de datos de usuarios e planimetría das infraestruturas.**

**d) Comprobación das inversións para a mellora da EDAR de Redondela.”**

*VOTACIÓN E ACORDO.-*

*Sometida a moción a votación segundo o detalle contido na proposta coa modificación de pasar a cuestión para o seu estudo por parte da comisión de servizos privatizados, apróbase por unanimidade dos/as concelleiros/as presentes, sendo 20 votos a favor (9 do PP, 6 do PSOE, 4 de AER e 1 do BNG).*